

ENQUISA SOBRE A RECICLAXE E O CUIDADO DO MEDIO AMBIENTE

IES DE VALGA

CURSO 2017/18

FICHA TÉCNICA:

Poboación: alumnado e profesorado do IES de Valga no curso 2017/18.


Traballo de campo: enquisas presenciais realizadas en xaneiro de 2018.

Tamaño da mostra: 147 individuos.


Tipo de mostraxe: aleatoria simple entre o profesorado (20) e estratificada por niveis e cursos entre o alumnado (127). Nivel de confianza: 90 % ($p=q=0,05$)

PREGUNTA 1: NA TÚA CASA RECÍCLASE?


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADOS POR SEXO




RESULTADOS POR IDADES




A maioría da poboación recicla, pero segue habendo unha porcentaxe elevada de xente que non o fai.

PREGUNTA 2: SABES AS NORMAS PARA RECICLAR?


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADOS POR IDADE




RESULTADOS POR SEXO




A inmensa maioría da poboación coñece as normas de reciclaxe, non observándose diferenzas nas idades nin no sexo.

PREGUNTA 3: COÑECES ALGÚN LUGAR ONDE SE PRACTIQUE A RECICLAXE DO LIXO?


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADO POR SEXOS




RESULTADOS POR IDADES




A maioría da xente coñece lugares onde se practica a reciclaxe. Entre os homes e as mulleres non se aprecia maior diferenza, pero no que respecta ás idades, o profesorado e os menores de 16 coñecen máis lugares.

PREGUNTA 4: COÑECES OS BENEFICIOS QUE PODE TRAER A RECICLAXE AO TEU MEDIOAMBIENTE OU CONTORNO?


RESULTADOS XERAIS



RESULTADO POR SEXO




RESULTADO POR IDADES




Practicamente todo o mundo coñece os beneficios que pode traer a reciclaxe ao medioambiente ou contorno. Non existen grandes diferenzas entre sexos e idades.

PREGUNTA 5: NA TÚA ALDEA PRACTÍCASE A RECICLAXE?


RESULTADOS TOTAIS



RESULTADOS POR IDADES




RESULTADOS POR SEXOS




Máis da metade practica reciclaxe na súa aldea; lixeiramente, máis mulleres ca homes. Tendo e conta as idades, o profesorado recicla máis ca os menores e maiores de 16 anos polo que podemos deducir que a conciencia de reciclar aumenta coa idade.

PREGUNTA 6: NO TEU CONCELLO É OBRIGATORIA ESTA PRÁCTICA?


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADOS POR SEXO




RESULTADOS POR IDADES




Na maioría dos concellos parece que non é obrigatoria esta práctica.

PREGUNTA 7. DE NON PRACTICAR A RECICLAXE DO LIXO, ESTARÍAS INTERESADO EN FACELO ?


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADOS POR IDADE




RESULTADOS POR SEXO




A maioría da poboación estaría interesada en practicar a reciclaxe (en caso de non facelo).

PREGUNTA 8: COÑECES AS NORMAS DAS TRES R QUE PODEN AXUDARCHE A COLABORAR MÁIS CO MEDIO AMBIENTE?


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADOS POR SEXO




RESULTADOS POR IDADES




Observando o primeiro gráfico podemos concluir que a maioría das persoas coñece a norma das tres R. En canto aos resultados por sexos apréciase unha pequena diferenza entre as mulleres e os homes sendo as mulleres as que mellor coñecen as tres R. Nos resultados por idades, non se aprecia esa diferenza.

PREGUNTA 9: A TÚA FAMILIA PRACTICA NORMA DAS TRES R?


RESULTADOS XERAIS



RESULTADOS POR SEXO



RESULTADOS POR IDADES



Algo máis da metade dos enquisados non practican a regra das tres R. Entre sexo masculino e sexo feminino non se aprecian diferenzas significativas, pola contra si percibimos diferenzas por idade, onde se observa que entre o profesorado hai algo máis de concienciación no uso da regra das tres R.


PREGUNTA 10: CANTAS BOLSAS LEVADES AOS COLECTORES DO LIXO Á SEMANA?

PAPEL	
Media	1,07
Mediana	1
Moda	{1}
Desvío estándar	1,426
Varianza	2,034
Mínimo	0
Máximo	12




En conclusión, a maioría das persoas adoitan levar 1 bolsa de papel ao contedor á semana.

ORGÁNICO	
Media	2,853
Mediana	2
Moda	{1}
Desvío estándar	2,176
Varianza	4,736
Mínimo	0
Máximo	14



En conclusión, sóense levar ao colector entre 2 e 3 bolsas de lixo orgánico á semana.

PLÁSTICO	
Media	1,812
Mediana	1
Moda	{1}
Desvío estándar	1,635
Varianza	2,673
Mínimo	0
Máximo	8




En conclusión, sóense levar ao colector entre 1 e 2 bolsas de lixo plástico á semana. Porén, existe unha parte importante que non leva ningunha bolsa.

PREGUNTA: CANTAS BOLSAS LEVADES AO COLECTOR DE LIXO Á SEMANA?

COLECTOR DE VIDRO


P 10. - VIDRO	
Media	0,913
Mediana	1
Moda	{0}
Desvío estándar	1,18
Varianza	1,392
Mínimo	0
Máximo	8




En conclusión, o número medio de bolsas levadas ao colector é practicamente de unha á semana. Tamén é destacable que moita xente non leva ningunha.

PREGUNTA 11: ESTARÍAS DISPOSTO A CAMBIAR A TÚA FORMA DE VIVIR PARA COIDAR O MEDIO AMBIENTE QUE TE RODEA?


DATOS TOTAIS



RESULTADOS POR IDADES




RESULTADOS POR SEXO




Unha gran parte da poboación estaría disposta a cambiar a súa forma de vivir para coidar o medio ambiente. Podemos ver que a gran maioría do profesorado está decidido a contribuír para esta causa mentres que no alumnado hai máis variedade de opinións. Con respecto ao sexo, podemos ver unha pequena variación entre homes e mulleres, as cales están máis pola labor de cambiar a súa forma de vida.

PREGUNTA 12: EN CANTO AO AFORRO ENERXÉTICO, QUE MEDIDAS SOES TOMAR PARA AFORRAR ENERXÍA ?


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADOS POR SEXO




RESULTADOS POR IDADE




En conclusión, a maioría apaga a televisión cando non están vendo, pouca poboación desconecta os aparellos e apaga a luz cando non é necesaria e unha pequena porcentaxe da poboación emprega lámpadas de baixo consumo.

PREGUNTA 13: SINALA, SEGÚN A TÚA OPINIÓN, AS MEDIDAS MÁIS URXENTES PARA PROTEXER O MEDIO AMBIENTE:


RESULTADOS GLOBAIS



RESULTADOS POR IDADES



RESULTADOS POR SEXO



A medida máis urxente, en opinión xeral, é a redución da contaminación tanto en homes e mulleres de calquera idade.